



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS

Xosé Neira Vilas, 3 - 15172 Perillo-Oleiros - tlf 881 880 858

ies.neira.vilas@edu.xunta.gal

www.iesneiravilas.es



IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**






ÍNDICE

1. Introducción
- 2 Integrantes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega
3. O centro. Características xerais
 - 3.1 Oferta académica e alumnado
 - 3.2. Horario do centro.
 - 3.3. Contexto sociolingüístico.
4. Obxectivos do Proxecto de Fomento do Galego
 - 4.1. Obxectivos xerais
 - 4.2. Obxectivos relacionados co centro
 - 4.3. Obxectivos relacionados co profesorado
 - 4.4. Obxectivos relacionados co alumnado
 - 4.5. Obxectivos relacionados coas familias
5. Plan anual de actividades
 - 5.1. Descrición das actividades
 - 5.2. Actividades permanentes
 - 5.3. Cadro-resumo das actividades
6. Comunicación e difusión

1. Introducción

Antes de sinalar os obxectivos para o plan de Dinamización Lingüística do IES



Plurilingüe Xosé Neira Vilas, temos que analizar o noso contexto educativo, para así poder dar unha resposta o máis axustada posible á realidade. Polo tanto, para acadar os obxectivos é preciso coñecer:

- ✓ Contexto sociocultural e económico (recursos educativos, asistenciais e sociais da zona,...)
- ✓ Contexto físico-xeográfico (rural, urbano, no centro, na periferia, etc.).
- ✓ Centro (profesorado, alumnado, oferta educativa,...)

Ademais, é importante coñecer as características propias. Desta maneira, constitúese o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas como un órgano consultivo e dinamizador que está integrado por profesorado de distintos departamentos, alumnado e persoal non docente do centro educativo.

Dentro do marco legislativo que regula a utilización da lingua galega no ensino (Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, que desenvolve a Lei de normalización lingüística, e Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia) o seu obxectivo principal é deseñar e levar a cabo propostas dinamizadoras coa finalidade de conseguir un uso normalizado e incrementar o uso da lingua galega no ámbito educativo e, deste xeito, favorecer as actitudes positivas de cara a lingua.

2. Integrantes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

a) Profesorado:

- Elisabet Ríos Liste (Coordinadora)
- Xurxo Taxes Díaz (Dpto. Xeografía e Historia)
- José Antonio Rodríguez Amedo (Dpto. Matemáticas)
- Jesús Eloy Pérez Alonso (Dpto. Lingua Castelá e Literatura)
- David Amboage López (Dpto. Grego)
- Cristina Vázquez Castro (Dpto. de Tecnoloxía)



- María do Carme Fernández Rodríguez (Equipo da Biblioteca)

b) Alumnado:

- Noa Franqueira López
- Sabela Alexandre Uzal
- Fernando Nicolás Bocija Veiga
- Mateo Berdeal Trasancos

b) Persoal non docente


- María Portals Castiñeira

3. O centro. Características xerais.

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas sitúase na rúa Xosé Neira Vilas nº 3 de Perillo, no concello de Oleiros. A realidade socioeconómica e demográfica deste concello está moi condicionada pola proximidade á cidade de A Coruña (forma parte da súa área metropolitana xunto cos de Cambre, Culleredo, Carral e Arteixo). A pesar de estar separados pola ría, as relacións sempre foron estreitas, comunicándose no pasado ambos municipios por mar ou polo *Camiño Real de Castela* que cruzaba a ría grazas á ponte medieval de O Burgo. A comunicación viuse potenciada a principios deste século coa construción da Ponte da Pasaxe.

O instituto conta, neste momento, cun total de 389 alumnos/as, de 41 profesoras e profesores, e de dous auxiliares de conversa. Ademais, o persoal non docente está composto por dúas conserxes, un administrativo e dúas persoas de limpeza a tempo completo e unha a media xornada.

O centro educativo comezou a funcionar no curso académico 1989-1990 e é o único centro Bachibac en Galicia. Consta dun edificio principal onde están situadas todas as aulas, agás a de música que se atopa nun anexo (Torre) comunicado co edificio principal a través dun corredor situado no segundo andar. Tamén hai dous patios descubertos empregados como campos de xogos para os distintos deportes.



O centro conta, tamén, cunha biblioteca que administra unha profesora encargada e un grupo colaborador de profesorado.

Ademais, dispón de:

- Ximnasio
- Pistas deportivas
- Dúas aulas de informática
- Aula de música
- Aula de debuxo
- Taller de tecnoloxía
- Laboratorio de bioloxía
- Laboratorio de física
- Laboratorio de química
- Despachos de Dirección
- Zona de administración
- Departamentos didácticos e de orientación
- Salón de actos

A área de influencia, no mapa escolar do concello, correspóndese coa do centro adscrito –o CEIP Ramón María del Valle Inclán- e abrangue lugares doutras parroquias limítrofes como Liáns ou Oleiros.

Perillo é a zona de maior densidade de poboación do municipio. Os datos de habitantes recollen case un trece por cento de persoas non orixinarias do concello, procedentes, na súa maioría, de Venezuela, Arxentina, Brasil, Colombia ou Reino Unido. Este factor é un elemento que se reflicte, nunha porcentaxe similar, no alumnado do noso centro.

Respecto ao nivel socioeconómico, Oleiros é o concello de maior renda “per cápita” de Galicia. Aínda así, ese nivel de renda non chega por igual a todas as familias e



isto ten o seu reflexo no alumnado do centro.

No contorno próximo ao Instituto, os centros culturais e de lecer son a *Biblioteca Central Rialeda* (na que se pode contemplar un mural de Miguelanxo Prado), biblioteca notable da que se serve o noso alumnado; o *Centro cultural A Fábrica*, que desenvolve actividades deportivas diversas; a Escola Municipal de Música e unha Escola Municipal de Danza, e tamén a *Casa da Xuventude*, desde a que se programan multitude de actividades en colaboración co noso centro. Por outra banda, tamén moi preto do Instituto hai un centro deportivo que inclúe unha piscina cuberta, da que o centros fai uso nas clases de Educación Física. Por último, a *Casa da Cultura* de Perillo programa actividades para a veciñanza e o noso instituto colabora con ela en encontros culturais.

En coordinación cos servizos municipais os IES do Concello tamén poden usar outras instalacións como, por exemplo, o *Auditorio Gabriel García Márquez*, de Mera, as Torres de Santa Cruz, o espazo CEIDA ou Castelo de Santa Cruz. Nestes espazos o noso alumnado asiste a representacións teatrais, charlas, obradoiros de poesía, etc

Para ampliar a información pódese consultar o [Proxecto Educativo do Centro](#) en que aparecen detalladas, máis polo miúdo, as particularidades tanto do centro como do contorno.

3.1 Oferta educativa e alumnado.

As etapas educativas impartidas no IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas son ESO e Bacharelato (Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais) e este curso están matriculados un total de 389 alumnos e alumnas (299 na ESO e 90 en Bacharelato), distribuídos da seguinte maneira:

ESO		Bacharelato	
1º	60 persoas	1º	49 persoas
2º	73 persoas		
3º	87 persoas	2º	41 persoas
4º	79 persoas		



3.2. Horario do centro

O horario de atención ao público da secretaría do centro é de 9 h a 14 h de luns a venres. Por outra parte, o lectivo é o seguinte:

Sesión	Horario
1ª	8 ³⁰ -9 ²⁰
2ª	9 ²⁰ -10 ¹⁰
recreo	10 ¹⁰ -10 ³⁰
3ª	10 ³⁰ -11 ²⁰
4ª	11 ²⁰ -12 ¹⁰
recreo	12 ¹⁰ -12 ³⁰
5ª	12 ³⁰ -13 ²⁰
6ª	13 ²⁰ -14 ¹⁰
Tarde do luns	
7ª	16 ¹⁵ -17 ⁰⁵
8ª	17 ⁰⁵ -17 ⁵⁵

Actividades

O Xoves en horario de 16:15 a 17:55 h o centro permanece aberto para a realización de diversas actividades que organiza a ANPA.

Ademais, mantense a actividade lectiva para o alumnado **Bachibac**.

3.3. Contexto sociolingüístico.

Polas características antes mencionadas, é moi habitual escoitar, no contorno do centro, o galego como lingua habitual (tendas, mercados, etc), pero case sempre ligado a un modelo non prestixiado para o alumnado. Desta maneira, a rapazada reproduce a vivencia diglósica e emprega, no seu día a día, o castelán.

O paso polo noso instituto deberá afianzar esta asimilación inconsciente do




idioma galego e ampliar os seus usos afastándose dos prexuízos lingüísticos para consolidar o seu emprego na comunicación espontánea. Non obstante, o alumnado fai o esforzo de tentar falar galego cando o profesor ou profesora imparte a aula nesta lingua.

Aínda que todos os medios de comunicación, redes sociais, músicas, etc, ofrecen unha oferta de lecer noutras linguas, todo o relacionado co Concello de Oleiros faise en galego. Así teñen a opción de escoitar de balde actuacións de grupos relevantes no sistema galego, asistir a obras de teatro na nosa lingua ou participar en actividades culturais diversas neste idioma.

O EDLG do instituto colabora estreitamente co Concello, co Servizo de Normalización de Oleiros e co Servizo Municipal de Bibliotecas e Fomento da Lectura en todas as actividades, formativas e de carácter lúdico, que propoñen xa que queremos facerlle ver ao alumnado que o galego é unha lingua importante no seu tempo de lecer, pero tamén no futuro laboral e pretendemos, tamén, ampliar o seu uso a través de concursos, actividades culturais e proxectos que contribúan a mellorar a actitude e a eliminar prexuízos.

Por outra banda, o claustro de profesores do instituto asume o seu lugar na normalización do idioma e na súa responsabilidade como modelo lingüístico diante do noso alumnado. Por iso, nas aulas, nas tarefas burocráticas ou de programación, nas exposicións, etc, a maioría do profesorado usa o galego, aínda que nos corredores ou nas comunicacións orais informais hai unha menor presenza da lingua galega. En caso de tratarse de reunións oficiais (claustros, sesión de avaliacións, consellos escolares, reunións de titores, relación persoal coas familias...) unha parte do profesorado intervén en galego, mais a maioría presentan unha actitude de falante pasivo, usando o idioma só ante persoas monolingües en galego, pero nunca tomando a iniciativa no uso activo da lingua.

Por último, a dirección do centro alenta o seu papel normalizador e dinamizador, tendo en conta a proxección social que levan os cargos, e, ademais, todo o material usado na administración (correspondencia, actas comunicados, etc) está en galego. Sen dúbida, estamos ante un factor moi positivo nos usos da lingua galega.



4. Obxectivos do Proxecto de Fomento do Galego

Desde o noso ámbito, son innumerables os obxectivos que podemos desenvolver no labor dinamizador da lingua galega, pero o principal e fundamental é aquel que pon o foco en desbotar os prexuízos respecto das linguas para acadar un maior uso do galego no noso centro tanto na oralidade como na escrita.

Este proxecto, vaise artellar, polo tanto, arredor deste obxectivo xeral e crucial: desenvolver posturas favorables cara o uso da lingua galega tanto oral coma escrita. Consecuentemente, esta creación de actitudes positivas no noso centro de ensino vai repercutir na contorna e nas futuras sociedades dos e das adolescentes en que agora incidimos.

Tamén se buscará, tal e como indica o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, equiparar o nivel de competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais

A continuación, e unha vez delimitado, en liñas xerais, o contexto e as características, tanto do centro como do alumnado para o que se propón este proxecto, debullamos os obxectivos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega segundo o destinatario correspondente.

4.1. Obxectivos xerais

- ✓ Proxectar socialmente no barrio e nas familias o traballo realizado polo EDLG do centro en proxectos de ampla difusión.
- ✓ Manter a presenza do galego en todos os proxectos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, situándoo ao mesmo nivel que o resto das linguas.
- ✓ Fomentar a presenza da cultura e realidade galega no centro.
- ✓ Contactar cos centros de primaria adscritos e compartir o proxecto lingüístico para un traballo de normalización coherente e progresivo que ofereza unha continuidade responsable no uso da lingua galega.
- ✓ Colaborar cos servizos de Normalización e Dinamización Lingüística do concello co fin




de normalizar as actividades e tempos de lecer do noso alumnado.

4.2. Obxectivos relacionados co centro

- ✓ Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- ✓ Axudar a consolidar a lingua galega como idioma habitual de uso na xestión escolar, nos servizos, actividades extraescolares e complementarias que o centro organice.
- ✓ Atención á utilización da lingua galega nas plataforma educativas, someténdoa a continuas revisións xa que, ademais, o instituto é un centro EDIXGAL, participa nos Polos Creativos,...
- ✓ Asesorar os diferentes equipos docentes sobre as novidades relacionadas coa lingua galega e na elaboración de materiais didácticos.
- ✓ Colaborar na elaboración de documentación, na difusión de actividades na páxina web e nos diferentes formatos, ...
- ✓ Colaborar con outras institucións, Equipo de Normalización do Concello, Bibliotecas, ..., para o desenvolvemento de proxectos en lingua galega (fomento da lectura, Festival de Regueifas, etc).
- ✓ Dinamizar a realidade lingüística do centro a través do Equipo de Dinamización mediante a súa colaboración nos distintos proxectos do centro e implicar o maior número de membros da comunidade educativa neste proceso dinamizador.
- ✓ Promover o aumento da presenza da lingua galega nas diferentes tarefas escolares e extraescolares.

4.3. Obxectivos relacionados co profesorado

- ✓ Aumentar a sensibilidade e lograr unha actitude positiva da comunidade escolar sobre o uso do galego cun espírito de integración, cooperación, intercambio e reflexión



compartida como modelos de lingua e persoas promotoras de usos lingüísticos.


- ✓ Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión, de traballo da comunidade escolar e de transmisión.
- ✓ Información e orientación aos docentes que o soliciten.
- ✓ Implicar a todos os departamentos de linguas para estudar as diferentes realidades lingüísticas, poñéndoas en conexión con outras linguas minorizadas e hexemónicas do mundo insistindo nos beneficios do plurilingüismo social e na riqueza da diversidade lingüística.

4.4. Obxectivos relacionados co alumnado

- ✓ Conseguir para a lingua galega máis espazos de uso e fomentar a súa presenza activa en contextos vivos como concertos, tarefas, conmemoracións, festividades, eventos, etc
- ✓ Integrar o alumnado de fóra da comunidade autónoma galega.
- ✓ Favorecer o uso oral da lingua galega por parte do estudiantado e consolidar a súa competencia oral espontánea e, tamén, na escrita.
- ✓ Dar a coñecer e promover unha visión de utilidade e de modernidade da lingua galega a través do acceso aos diversos materiais tanto en formatos tradicionais como nos relacionados con redes, TIC, novas tecnoloxías, etc
- ✓ Compartir e colaborar con outros centros educativos de secundaria para acadar unha dinámica normalizadora enmarcada nun proxecto social máis amplo.
- ✓ Promover o achegamento e interacción da lingua galega con todas as linguas que conviven no noso centro como parte da riqueza que nos ofrece a diversidade lingüística.

4.5. Obxectivos relacionados coas familias

- ✓ Dar a coñecer os diferentes recursos cos que contamos no centro e alentar as



familias a participar de celebracións, certames, actos, clubs de lectura, etc, en galego xa que non hai mellor referente de uso dunha lingua que o feito de levalo á práctica.

5. Plan anual de actividades

5.1. Descrición das actividades

Neste curso, as actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega xirarán pola volta dos seguintes eixos temáticos:

- Promoción da cultura popular e de tradición oral.
- Difusión das festas tradicionais.
- Posta en valor dos recursos do noso contorno máis próximo.
- Fomento da lectura no sentido máis amplo do termo.
- Transmisión oral e implicación de toda a comunidade educativa.
- Divulgación dos valores do proxecto *Donas de si*.
- Asentamento dun modelo referencial do idioma galego como moderno e útil (participación no youtubeiras.gal, uso nas TIC, redes sociais, etc).
- Colaboración con diversas entidades, proxectos ou iniciativas que enriquezan o uso espontáneo da lingua galega entre o alumnado do centro.

Desta forma, as celebracións van involucrar a todo o claustro e ás familias ao redor dun proxecto lúdico que inclúa xincanas con qr's (Día de Rosalía); xogos tradicionais (Samaín); recolla de tradición oral (Día das Letras Galegas); colaboración cos correspondentes xuvenís ou coas redes sociais da biblioteca; publicación na revista escolar; elaboración de filloas (Entroido); creación de material para a páxina web ou participación nas diversas actividades que se organizan no Concello arredor do fomento da lectura.

Por outra banda, ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega parécenos fundamental participar no *Proxecto Donas de si* tanto achegando material nas



conmemoracións ([Día das Escritoras](#)- 15 de outubro) como ofrecendo un servizo de asesoramento lingüístico ao longo de todo o curso académico.

5.2. Actividades permanentes

- ✓ Asesoramento lingüístico para a redacción en lingua galega dos documentos oficiais do centro ou calquera outra actividade que nolo requira.
- ✓ Asesoramento á comunidade educativa nos aspectos específicos da normalización (legais, formais, lingüísticos...).
- ✓ Asesoramento aos distintos Departamentos, por medio da Comisión Pedagóxica, de bibliografía adecuada ás súas materias, na nosa lingua, para conseguir a renovación e galeguización interdisciplinar da biblioteca escolar.
- ✓ Actualización dos materiais e renovación de material necesario como poden ser dicionarios terminolóxicos específicos ou xerais para renovar outros con moito uso.
- ✓ Apoio ao profesorado e ao alumnado que mudan este ano os seus hábitos lingüísticos.
- ✓ Apoio ao alumnado galego-falante inicial para afianzar a súa fidelidade ao idioma a pesar da presión á que se ven sometidos.
- ✓ Apoio ao alumnado inmigrante na súa inmersión lingüística.
- ✓ Actividades de animación á lectura en colaboración co equipo de dinamización da biblioteca do Centro, do Servizo de Normalización do Concello e do Servizo Municipal de Bibliotecas e Fomento da Lectura. Tanto en campañas de animación á lectura a través de concursos, obradoiros de creación literaria, sesións de contacontos ou participación no club de lectura.
- ✓ Organización de visitas a exposicións e a eventos culturais.
- ✓ Conferencia e encontro con persoas escritoras de literatura xuvenil en galego.
- ✓ Asistencia a representacións teatrais.



- ✓ Subscrición a *Nós Diario*, xornal escrito íntegramente na nosa lingua.
- ✓ Celebración das conmemoracións, especialmente, o Samaín; o Nadal; 21 de febreiro- Día da Língua Materna-; o 23 de febreiro, Día de Rosalía de Castro; a Candeloria; o Entroido; 8 de marzo, Día da Muller; 27 de marzo, Día do Teatro; 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente e a Semana das letras galegas (11 ao 15 de maio).
- ✓ Mantemento dos contidos de Dinamización na sección adicada na páxina web do instituto. Trátase de incorporar información da realidade cotián galega relacionada co noso idioma para informar a toda a comunidade educativa a través da web do instituto.

5.3. Cadro-resumo das actividades

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Todo o curso	Correspondentes xuvenís	Dpto. Tecnoloxía e Equipo de Dinamización da Língua Galega	Toda a comunidade educativa	Material funxible (folios, cadernos, ...)
Outubro	Certame Literario de Samaín	Equipo de Dinamización da Língua Galega; Dpto. De Língua Galega e Literatura; Equipo Biblioteca.	Alumnado da ESO (299 persoas)	Folios, encadernar os relatos.
31 de outubro de 2024	Magosto (Samaín, xogos populares,...)	Equipo de Dinamización da Língua Galega; Dpto. De Língua Galega e Literatura; Equipo Biblioteca; Dpto. Artes Plásticas; Dpto Educación Física; Dpto. Língua Castelá e Literatura; Dpto de Matemáticas; Dpto. De Tecnoloxía; Dpto. De Xeografía e Historia; Vicedirección.	Alumnado da ESO e de Bacharelato (389 persoas)	Premios do certame literario. Castañas



Outubro de 2024	Nomeamento do Científico Galego 2024. José Rodríguez González	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto de Matemáticas.	Alumando de 4º da ESO (79 persoas)	Difusión dos materiais Proxector Aula con proxector e conexión a internet.
5, 12, 19 e 26 de novembro	Mes da ciencia Videoconferencias sobre Astronomía , que promove a Institución Galega da Ciencia, co patrocinio da SXL	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía.	Alumnado de 1º e 3º da ESO (147 persoas)	Aula con proxector e conexión a internet.
19 de decembro de 2024	Charla Diversidade para todes	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º Bacharelato (49 persoas)	Salón de actos, proxector, equipo de son.
19 de decembro de 2024	Masterclass sobre Eduardo Blanco Amor	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura; Dpto. Xeografía e Historia.	Alumnado de 2º Bacharelato (41 persoas)	Aula, proxector, equipo de son
10 de xaneiro de 2025	Misal romano en lingua galega	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Relixión.	Alumnado da ESO e persoas da comunidade educativa interesadas.	Difusión novas tecnoloxías. Impresión da tradución do misal.



Xaneiro de 2025	Certame de poesía Respira!	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura; Dpto de Grego; Dpto de Francés; Equipo Biblioteca; Dpto. De Inglés; Dpto. Lingua Castelá e Literatura.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas)	Impresión da convocatoria para difusión en cada aula.
Febreiro de 2025	Premio Literario Descubrindo Oleiros	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas)	Sobres para enviar os relatos ao Concello.
Febreiro de 2025	Youtubeiras.gal	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	Toda a comunidade educativa	Apoio no proceso de inscrición.
2 de febreiro de 2025	Día da Candeloria	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado da ESO (299 persoas)	Material funxible para imprimir, colorear, etc
14 de febreiro de 2025	Obradoiro de Regueifas	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 2º da ESO (71 persoas)	Salón de actos. Folio e material para escribir.
21 de febreiro de 2025	Día da Lingua Materna	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas)	Material funxible para imprimir, colorear, ..., e para divulgar arquivos de audio en podcast, na radio, nas redes sociais, etc



21 de febreiro de 2025	Teatro Arte sen guión	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º de Bacharelato (49 persoas)	Autobús
24 de febreiro de 2025	Día de Rosalía de Castro	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas) e comunidade educativa.	Material funxible e de difusión na radio, nas redes sociais, etc Material para a creación dunha revista escolar.
28 de febreiro de 2025	Celebración do Entroido	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura; Equipo Biblioteca; Dpto. Artes Plásticas; Dpto Educación Física; Dpto. Lingua Castelá e Literatura; Dpto de Matemáticas; Dpto. De Tecnoloxía; Dpto. De Xeografía e Historia; Vicedirección.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas) e comunidade educativa.	Material funxible para deseñar, para facer tarxetas, para difundir xincana con QR's, para xogos tradicionais. Material de plástica para reproducir entroido tradicional (máscaras, osos, etc)
Marzo	Campaña polo 8 de marzo	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	Alumnado da ESO e Bacharelato (389 persoas) e comunidade educativa.	Material funxible para realizar os lemas que pide o Concello e para exposición no centro.



11 de marzo de 2025	Obradoiro de Yolanda Castaño. Muller, poeta en galego	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumando de 4º ESO B e C (50 persoas)	Autobús Folios e material de escritura.
11 de marzo de 2025	Obradoiro de Yolanda Castaño. Muller, poeta en galego	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumando de 4º ESO A (30 persoas)	Autobús Folios e material de escritura.
28 de marzo de 2025	Obradoiro de escrita con Miguel Cuba. Superheroes: a nova mitoloxía	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º ESO A (30 persoas)	Folios e material de escritura.
28 de marzo de 2025	Obradoiro de escrita con Miguel Cuba. Superheroes: a nova mitoloxía	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º ESO B (30 persoas)	Folios e material de escritura.
2 de abril de 2025	Obradoiro de Yolanda Castaño. A poesía non morde	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 2º ESO A e B (51 persoas)	Autobús



2 de abril de 2025	Obradoiro de Yolanda Castaño. A poesía non morde	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 2º ESO C (23 persoas)	Autobús
4 de abril de 2025	Espectáculo poético/recital multimedia de Yolanda Castaño	Servizo Municipal de Bibliotecas e a Promoción da Lectura; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 2º de Bacharelato (41 persoas)	Autobús
3 de abril de 2025	Obradoiro De coplas e versos. A poesía no cancionero popular galego	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º de Bacharelato (49 persoas)	Folios e material de escritura.
Semana do 7 ao 11 de Abril de 2025	Memoria democrática. Meirás e O Castro.	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura; Dpto. De Xeografía e Historia.	Alumnado de 4º da ESO (79 persoas)	Autobús Materiais de escrita, exposición, etc
8 abril de 2025	Festival Falando a Boca Chea	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	Alumnado de 3º ESO (87 persoas)	Folios e material de escritura.
Abril de 2025	Charla de M.Núñez Singala sobre <u>O achado do Castro</u>	Dinamización Lingüística do Concello de Oleiros; Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º de Bacharelato (49 persoas)	Libros, folios e material de escritura.
Abril de 2025	Charla de María Rei vilas sobre <u>Flores de Ferro</u>	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 4º da ESO (79 persoas)	Libros, folios e material de escritura.



Abril de 2025	Charla de Eva Mejuto Rial sobre <u><i>A ladroa da biblioteca de Meirás</i></u>	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 4º da ESO (79 persoas)	Libros, folios e material de escritura.
Abril de 2025	Charla de María Reimóndez sobre <u><i>Furia</i></u>	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 2º da ESO (71 persoas) e 4º PDC (10 persoas)	Libros, folios e material de escritura.
Abril de 2025	Charla de Paula Carballeira sobre Daniel no peirao (Celebración Ano Castelao)	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 1º da ESO (60 persoas)	Libros, folios e material de escritura.
Maio	Ti contas, eu conto. Actividade na Residencia de Maiores Raiola (Oleiros)	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura e Dpto. De Educación Física.	Alumna do de 1º da ESO (60 persoas)	Material funxible para a realización do xogo do Muíño, folios para os textos do recital.
Semana do 12 ao 17 de maio.	Semana das Letras galegas	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura; Equipo Biblioteca; Dpto. Artes Plásticas; Dpto Educación Física; Dpto. Lingua Castelá e Literatura; Dpto de Matemáticas; Dpto. De Tecnoloxía; Dpto. De Xeografía e Historia; Vicedirección.	Alumnado da ESO e de Bacharelato (389 persoas) e comunidade educativa.	Material funxible para as exposicións, para imprimir os qr da xincana, de difusión na radio, nas redes sociais, etc



20 de xuño	Final de curso. Os vellos non deben de namorarse	Equipo de Dinamización da Lingua Galega; Dpto. De Lingua Galega e Literatura.	Alumnado de 3º da ESO (87 persoas)	Material funxible para facer os decorados.
------------	--	---	------------------------------------	--

6. Comunicación e difusión.

As novas tecnoloxías están moi presentes tanto no noso equipo como na vida diaria da comunidade educativa. Polo tanto, Proxecto de Dinamización da Lingua Galega será publicado na páxina web do instituto (www.iesneiravilas.es) e será enviado ao profesorado para a difusión na comunidade educativa.

En todo momento tratamos de manter a web actualizada coas actividades que en cada ocasión imos realizando coa finalidade de, por unha banda, alentar a rapazada e, por outra, manter as familias informadas do que imos facendo en cada momento. Non só se trata de dalas a coñecer, senón de, ademais, atraer o maior número de persoas participantes e receptoras posible, facendo que o equipo se abra así a todo tipo de iniciativas que poidan resultar interesantes.